

## O VERAO DOS PÉS NEGROS

Informan desde as Illas Cíes que onte mesmo entraban “bolas” (xa non son “galletas”) de fuel aos areais destas illas do noso parque natural. Retiran a Bandeira azul da praia das Catedrais e entrada de piche en Barreiros.

Por Camelle están a traballar os de Tragsa. Segundo nos informa unha testemuña, é mais o que deixan do que o que retiran.

Sabemos tamén do chapapote doutras praias como Espasante.perto de Ortigueira. Pariencia, pode parecer que os areais están limpos,mas que estenda a súa toalla ou paseie pola areia, poderá ver os seus pes manchados e a súa toalla inservible.

### ¿Para onde van os residuos?

Este é outro dos problemas colaterais do chapapote. Miles de toneladas acumúlanse en Laracha, Cerceda, Touro, etc. A maior parte en balsas ao ar libre desprendendo os cheiros que lles dan as materias volátiles que contén o piche, e con o risco posible, e probable das filtracións que afectarán aos cursos de auga que pasen por alí. Así o Rio barcés, que fornece de auga ao depósito da Coruña, ou o Anllons, que vai para Ponteceso.

### Santiago e cerra España:

Non podemos esquecer , nesta crónica, a vergoñenta “fuxida” dos soldados, que desde o acuartelamento de Figueirido (Pontevedra)foron embarcados no aeroporto de Lavacolla para desenvolver en Iraque,funcións de “axuda humanitaria” .Non se puido ver o escudo que seica levaban nos seus uniformes, representando a un Santiago matamouros. Ese non é o noso Santiaguíño. O Galego é un santo sedente en actitude de agarimo, acolledor e patriarcal. O peor é que non se saiba diferenciar o Santiago das Españas do galego.Outro exemplo mais de barbarie e de prepotencia. Esperemos que as forzas da Terra castiguen aos que a están ofendendo

### CASCOS: VAI, VAI, QUE TE LEVE O DEMO.

No día da Patria , na concentración multitudinaria de Nunca Máis, nunha praza do Obradoiro fermosa e chea, que non collía un alfinete,os mozos da Burla Negra foron os protagonistas do actono curso do cal, foi botado ao ar un “Casco de alta velocidade”. Fixo o anuncio a voz amiga de Xurxo Souto ,en representación do colectivo “Burla Negra”.Como unha ladaiña de ultratumba sentiase o rosmar dunha voz vella e “cascada”:<< vai,vai, que te leve o demo, vai, vai, que te vai levar, vai vai, que te leve o demo, o martes de Carnaval>>E desta forma desapareceu o Cascos entre a néboa, tras das torres da Catedral. Desexamos que o esconxuro feito nese día sexa ben recibido polas forzas telúricas e sexa reflectido nalgún mellor resultado para esta pobre Terra.

### MEDALLA DE OURO AO POVO GALEGO

A Plataforma Nunca Máis decidiu dar a medalla de Galicia ao sufrido povo galego, que defende os seus intereses desasistido dos seus gobernantes que non saben nen queren solucionar os problemas que eles mesmos xeran, e aínda cobran por iso!

Continuamos coa denuncia, celebrando que somos galegos; e, como se dixo o día 25 en Compostela: “**menos mal que nos queda Portugal**”.

